

**NOTA DE PRENSA 089/23
19 DE OUTUBRO DE 2023**

**O RALLYE SAN FROILÁN, PRIMEIRA BOLA DE PARTIDO PARA VÍCTOR
SENRA E DAVID VÁZQUEZ NO GALEGO DE RALLYES**

O Rallye San Froilán, novena proba do Campionato Galego de Rallyes marca a primeira oportunidade das dúas que teñen Víctor Senra e David Vázquez para revalidar o título.

Logo de non estar presentes no Rallye Ourense – Ribeira Sacra, o equipo coruñés retorna ao certame autonómico aos mandos dun Skoda Fabia R5 co que tan só precisan rematar entre os cinco primeiros para acadar os puntos que os farían campións matemáticamente.

Para evitalo, un elenco de inscritos con nada menos que sete vehículos da categoría R5 / Rally2 e Alberto Meira e Avelino Martínez como únicos que todavía poden aspirar a gañar o certame. Tamén estarán presentes Luis Vilariño e Enrique Velasco; Jorge Pérez e Miriam Vera ou Iago Caamaño e Alberto Rodríguez, entre outros favoritos.

Tamén estarán os dous equipos becados pola Federación Galega de Automobilismo, compostos por Alexis Vieitez e Christian Álvarez e Marcos Maceiras e Sergio Iglesias, ambos sobre Nissan Micra N5, nunha proba que contará con coas copas Top Ten Pirelli Driver, a Pirelli AMF, o Supercampionato R5 a Gara N5 e o Volante FGA nuha lista de inscritos que terá máis de 140 equipos e unha ampla presenza de participantes locais.

As verificacións técnicas da proba comezarán as 9:30 horas da mañá do venres 20 de outubro no parking do hotel Ceao.

Para esa mesma xornada, dous treitos cronometrados, con inicio as 19:13 horas e as 19:56 horas. A cerimonia de saída, que será na Praza Maior de Lugo, comezará as 21:30 horas.

Para o sábado 21 de outubro, oito treitos cronometrados con inicio as 09:18 horas e final no Parque Frisa as 20:30 horas, momento no que chegará o primeiro dos participantes despois de percorrer 111,90 kilómetros contra o cronómetro.